



**University of
Zurich**^{UZH}

**Zurich Open Repository and
Archive**

University of Zurich
Main Library
Strickhofstrasse 39
CH-8057 Zurich
www.zora.uzh.ch

Year: 1998

Traducción e interferencia

Kabatek, Johannes

Posted at the Zurich Open Repository and Archive, University of Zurich

ZORA URL: <https://doi.org/10.5167/uzh-84726>

Book Section

Originally published at:

Kabatek, Johannes (1998). Traducción e interferencia. In: Kremer, Dieter. Homenaxe a Ramón Lorenzo.

Vigo: Galaxia, 843-850.

HOMENAXE A RAMÓN LORENZO

Edición de
Dieter Kremer

TOMO II



galaxia

[Vigo 1998]

Traducción e interferencia

Johannes Kabatek

1. A historia da lingua galega escrita está marcada, a diferente nivel, pola interferencia¹ con outras linguas, desde os primeiros textos, interferidos polo modelo da lingua latina escrita, ata os textos modernos, con interferencias, en primeiro lugar, do castelán, pasando polos textos de finais da Idade Media, con interferencias de modelos latinos e casteláns. A diferenza da lingua oral, que mantivo tradicións propias independentes ó longo de toda a historia da lingua (a carón dos textos interferidos, que aparecen desde o século XV e, máis acentuadamente, a partir da segunda metade do século XVIII), a lingua escrita nunca chegou a liberarse da interferencia dado o alto grao de coñecemento doutras linguas escritas por parte dos escribas e escritores, superior, na maioría dos casos, ó coñecemento da lingua galega escrita².

Sen embargo, estas interferencias son difíciles de comprobar, sobre todo nas épocas máis remotas da lingua, dado o feito de que o único material documental existente consiste precisamente no conxunto de textos escritos expostos á interferencia, sen outra base de comparación directamente accesible. Aínda así, hai que telas en conta en calquera estudio de historia da lingua e intentar descubrirlas nos textos que coñecemos por dúas razóns: primeiro, se estudiamo-la historia da lingua galega, evidentemente o que facemos é busca-la lingua detrás dos textos. Pero sempre temos que definir ata qué punto un texto é reflexo fiel do estado da lingua e ata qué punto os fenómenos observables son individuais e particulares e se deben ó influxo doutra(s) lingua(s). Segundo, hai que intentar descubri-lo "clima

1. Entendemos por "interferencia" calquera influxo no falar ou escribir dun falante pola presenza na súa competencia lingüística doutras linguas coa lingua de destino do texto. Unha interferencia é, entón, un feito de fala, que, respecto á lingua de destino (ou "lingua de chegada" no caso da tradución), pode considerarse unha "innovación". Con esto queda claramente separada a interferencia (feito de fala) do cambio lingüístico (feito de lingua), co cal non queda excluído que unha interferencia poida chegar a ser productiva, é dicir, fíxese punto de partida dun cambio.

2. Cf. Lorenzo (1987, 466).

xeral" no que se atopa a lingua nunha época determinada para ver se os posibles fenómenos de interferencia forman parte dunha corrente xeral ou se máis ben se trata de fenómenos illados debidos ás características do texto ou do traductor.

Un caso moi interesante para o estudio das interferencias son as traduccions doutras linguas, exhaustivamente estudias, na época medieval, polo noso homenaxeado³, xa que nos ofrecen a posibilidade non só de ve-los resultados das posibles interferencias, senón tamén a súa fonte, o texto na lingua orixinal.

Pode estrañar, a primeira vista, a implícita presuposición da existencia de interferencia como factor xeral das traduccions, dado o feito de que normalmente non se supón que este fenómeno, longamente estudiado sobre todo con respecto á lingua falada⁴, se dera tamén nos textos elaboradamente escritos, onde o resultado adoita ser cualificado sen máis como texto propio á lingua de chegada só relacionado co texto de orixe polo contido⁵. As seguintes reflexións tratarán de dar un fundamento teórico a esta presuposición.

2. A teoría de traducción baséase, normalmente, na idea de que non se traducen os significantes dunha lingua, senón que se fai unha abstracción dos significantes para concentrarse tanto nos significantes coma no conxunto deles no texto concreto, o *sentido* do texto (Coseriu 1977a: 223):




Figura 1

Polo tanto, neste modelo "ideal" ou de "boa" traducción, o resultado do proceso de traducir é un texto completamente autónomo da lingua de chegada, sen influencia do texto de orixe máis alá do seu significado e sentido⁶. Á parte da interferencia consciente por diversas razóns da finalidade da traducción⁷, non

3. Vid. Lorenzo (1975 e 1985).

4. Hai unha exhaustiva bibliografía sobre o tema, desde os traballos clásicos de Weinreich (1953) ata a actualidade (vid. as bibliografías en Juhász 1970, Fesch 1978 e Payrató 1985).

5. Evidentemente, hai tamén numerosos traballos sobre a relación entre traducción e interferencia, como p.e. explicitamente en Wandruszka 1977 ou implícitamente en moitos traballos sobre teoría e práctica da traducción.

6. Non entrarei aquí na problemática doutros textos, evidentemente existentes, onde se condicionan tamén de forma directa os significantes como en certos tipos de textos poéticos ou en textos experimentais como p.e. na novela *La dispartition*, de Georges Perec, escrita sen a letra <> e traducida, mantendo esta limitación, a varias linguas.

7. Existen, p.e., técnicas de marcación da traducción como texto procedente dunha determinada lingua ou cultura de orixe, como as citas orixinais, os calcos conscientes etc.

debería haber teoricamente influxos pola interferencia, xa que estes supoñen unha presenza da *lingua de partida* no *texto da lingua de chegada*, e esta presenza é precisamente a que exclúe o traductor pola súa actividade⁸.

3. Pero na práctica é moitas veces diferente, xa que nin os tradutores son perfectos nin as linguas lles ofrecen sempre as posibilidades para cumprir coas existencias da traducción. Segundo a nosa definición de interferencia, constitúe esta un factor presente *per definitionem* no proceso da traducción⁹, xa que o traductor evidentemente ten coñecemento —cando menos parcial— de máis dunha lingua. Pero hai que distinguir claramente entre os distintos efectos da interferencia, clasificables segundo o seguinte esquema que se refire ós casos ós que me limitarei aquí: os de interferencias entre dúas linguas emparentadas, entre as que adoita haber as seguintes relacións¹⁰.




Fig. II

A relación entre dúas linguas A e B consiste en elementos da lingua A distintos da lingua B, elementos comúns ás dúas linguas e elementos exclusivos de B. Eso dá lugar a catro tipos de interferencias¹¹:

1. *Interferencia de transposición* (interferencia de A en B): nun texto da lingua B aparecen elementos pertencentes á lingua A (-AB) inexistentes en B (+AB). Este tipo de interferencia é o máis descrito nos estudos e dáse no plano fonético, morfolóxico, sintáctico e léxico. Sería, para colle-lo exemplo de posible interferencia castelá no galego actual, a pronunciación apical do fonema /S/ galego, a

8. "De Fig. 1 a Fig. 2 no va ninguna vía directa: en la fase semi-sociológica, el traductor se comporta como un hablante de la lengua de partida que entiende (interpreta) un texto, en la fase onomasiológica, como un hablante de la lengua de llegada que elabora (produce) un texto, con la única diferencia de que el contenido por expresar le está dado de antemano hasta en sus detalles." (Coseriu 1977a: 223)

9. Véxase nota 1. Juhász (1970, 11) postula como axioma categorico a existencia de interferencia cando hai competencia en máis dunha lingua. En canto á interferencia como factor da competencia lingüística, isto é totalmente certo, aínda que non explique os efectos e a cantidade da mesma.

10. AB pode ser máis ou menos amplo. Entre o galego e o castelán, p.e., hai numerosos elementos comúns, igual que entre o latín e as linguas románicas. Pero tamén entre linguas máis distantes (como p.e. o euskera e o castelán, o ruso e máis inglés etc.) hai elementos comúns, como o chamado léxico "internacional" de procedencia, na maioría dos casos, grega ou latina. É cuestionable se é posible supoñer unha inexistencia completa de elementos AB entre dúas linguas, que, en todo caso, pode ser mínima na relación entre linguas moi distantes.

11. Coseriu (1977b, 98s.) reúne os tipos 2. e 3. baixo o nome de "interferencia negativa". Preferímo-la terminoloxía aquí empregada para distinguí-los dous tipos de carácter ben diferente.

colocación dos pronomes contraria ó sistema galego (*o médico me dixo por o médico dixome*) ou o uso de castelanismos léxicos.¹²

2. *Interferencia de converxencia*: Nun texto da lingua B aparecen sobre todo elementos da zona idéntica ou análoga AB, común ás dúas linguas; esta preferencia polos elementos de AB ten como contrapartida a non-realización (ou "realización negativa") de elementos da zona diverxente B (-AB). Este tipo de interferencia é máis difícil de describir e dáse, sobre todo, no plano morfolóxico-sintáctico e léxico porque se limita a casos onde hai máis dunha posibilidade, pero tamén se pode dar no plano fonético (cando p.e. na lingua de chegada hai variantes de pronunciación e se prefire a pronunciación concordante coa lingua de contacto). Dáse p.e. cando o traductor dun texto castelán ó galego, en vez de intentar liberarse do influxo do texto orixinal, adapta o texto ó sistema galego (cousa ben posible ata certo punto dada a semellanza das linguas, ou sexa, a cantidade de elementos pertencentes á zona AB), non buscando a forma que sen presenza do texto castelán escollería nun texto galego deste tipo, senón orientándose, onde é posible, no modelo castelán.

3. *Interferencia de diverxencia*: nun texto da lingua B dáse preferencia ós elementos non análogos ou idénticos B (-AB); a contrapartida desta preferencia por B (-AB) é a non-realización ou "realización negativa" de elementos da zona común AB. Igual có tipo anterior, contrario a este, a interferencia de diverxencia dáse sobre todo no léxico ou no plano morfolóxico-sintáctico, e pode darse no plano fonético coa escolta, de ser posible, de formas diverxentes, p.e. cando un traductor ó galego dun texto castelán intenta introducir elementos que distancian o texto da versión orixinal pola súa inexistencia na lingua de partida, como infinitivos conxugados, colocación de pronomes diferente (teño que o dicir), léxico etc., non orientándose no que se escollería normalmente nun texto galego das mesmas características senón someténdose, aínda que de forma negativa, ó influxo do castelán¹³.

12. Respecto ós castelanismos, hai que sinalar que moitos deles no galego actual non son interferencias, posto que corresponden ás propias tradicións galegas e o seu uso non depende do contacto co castelán. O mesmo tempo, calquera castelanhismo xa integrado pode, polo coñecemento do castelán, reactualizarse, é dicir, volver a ser interferencia. Así p.e. o uso de palabras como *dios, calle, iglesia* etc. non presupón un influxo directo do castelán na fala dun individuo, xa que estas palabras teñen tradición propia dentro do galego, aínda que sexan, na súa orixe, castelanismos. Pero calquera falante pode volver consideralos como castelanismos e expónelos así outra vez á interferencia.

13. O problema para o galego actual (e, en certa medida, tamén para o galego medieval) foi moitas veces a falta de tradicións de certos tipos de texto e a inexistencia dunha orientación clara en tradicións dos textos. Cando se dá un caso así, resulta especialmente frecuente a interferencia: "Es ist z. B. möglich, daß eine Gemeinsprache in einer bestimmten Epoche ihrer Entwicklung überhaupt keine bzw. keine feste Tradition für bestimmte Textarten bzw. Textsorten (z. B. wissenschaftliche Sprache und hierin Linguistik, Literaturkritik usw.) kennt: In diesem Fall wird sie gerade auf diesen Gebieten für die sprachliche Interferenz (fremdsprachliche Beeinflussung) besonders durchlässig sein." (Coseriu 1977b, 93)

4. *Hipercorrección*: Á base de correspondencias regulares establecidas entre A (-AB) con elementos de B (-AB), estas correspondencias aplícanse tamén a elementos pertencentes á zona AB, co resultado de enunciados inexistentes en B (+AB). É un tipo de interferencia que ten sido descrito repetidamente no caso da lingua galega moderna:

A maioría dos galegos dominamos como segunda lingua o castelán ou, polo menos, entendémolo. O castelán, como é sabido, é "irmán" xemeigo do galego: ambas falas proceden do latín e permanecen moi emparentadas. Esto fai que, inconscientemente ou non, cada galego sexa un gramático comparatista; é dicir, que establece correspondencias entre ambas linguas. [...] Pois ben, cando "galeguizamos" unha palabra que é común ó castelán e ó galego, adaptándoa a certas correspondencias conocidas, facemos un hipergaleguismo (outros chamalle "hiperexxetismo", anque impropriamente). (Galego 3, 1986, 195)

En canto á traducción como actividade de altos criterios de corrección e co fin de producir textos auténticos da lingua de destino, os casos 1) e 4), que levan a resultados alleos ás posibilidades de B, pódense, en xeral, excluir ou serán pouco frecuentes, xa que chamarían a atención como "faltas" ou "erros" na lingua de chegada. Os tipos 2) e 3) en cambio, que se refinen ó que Coseriu chamou "interferencia negativa", non producen "erros" senón que poden producir desprazamentos da norma dunha lingua pola non-realización ou realización exhaustiva de certas posibilidades da mesma.

4. Agora ben, se falamos de "interferencia negativa" e postulámo-la, a súa importancia para a teoría da traducción, teremos que nos enfrontar con graves problemas metodolóxicos: se o resultado da interferencia negativa son textos correctos no que se refire ó sistema dunha lingua (pois quedan dentro das súas posibilidades), poderíamos pensar que non nos teñen por qué interesar ós lingüistas polo feito de seren "improductivos" en canto ás posibilidades dun cambio lingüístico. Pero isto non é certo, porque estes textos si poden cambiar a tradición dunha lingua, aínda que sexa só a tradición das realizacións dun sistema, ou sexa a norma da lingua. Se aumenta p.e. —por interferencia— a frecuencia do uso dunha forma determinada e diminúe o uso doutra, esto xa é unha alteración das normas dunha lingua —aínda que aconteza dentro das posibilidades do seu sistema¹⁴—. Por iso non podemos esquecernos destes fenómenos, determinantes para a creación de textos en xeral¹⁵.

O punto de partida para calquera investigación sobre a actividade de traducir debe ser sempre a observación da actividade dos tradutores mesmos, seguido dunha interpretación dos fenómenos resultantes nos textos como produtos de tal actividade, para chegar, por último, ó establecemento de principios xerais

14. Sobre a importancia dos desprazamentos da norma para a lingua véxase Coseriu 1978.

15. En realidade, a teoría da traducción só investiga un caso particular do falar en xeral, é dicir que é unha aplicación dos fenómenos do falar ó caso concreto do traducir (cf. Coseriu 1977a, 215).

aplicables tamén a outros textos, escritos noutras situacións. Tódolos tradutores (e falantes de linguas estranxeiras) coñecen os fenómenos de interferencia negativa nas súas dúas formas, tanto a escolla de formas semellantes (p.e. cast. *entonces* > gal. *entonces*) por comodidade, facilidade ou economía, coñecemento limitado etc., coma a escolla de formas máis distantes (p.e. cast. *entonces* > gal. *daquela*)¹⁶, sexa para distanciarse do texto original ou por inseguridade de se a forma da lingua de chegada, semellante á da lingua de partida, existe naquela ou non¹⁷.

Se é posible, no presente, observa-la interferencia negativa a través da introspección dos falantes/tradutores ou a través da comparación co que adoita ser "normal" e "esperable" nun texto, non é, sen embargo, posible face-lo mesmo no pasado, onde nin os falantes/tradutores se poden entrevisar nin a base documental nos permite, xeralmente, comparacións ou estatísticas abundas. A pesar diso, non podemos pasar por alto estes fenómenos, dado que as observacións confirman a súa existencia. Debemos, entón, buscar posibilidades de "reconstruír" o que só vemos de forma indirecta, pero que coñecemos polas situacións mellor documentables ou documentadas¹⁸.

5. Segundo o principio de actualidade, podemos, p.e., face-las seguintes observacións sobre os tipos de interferencia que marcan, en maior ou menor medida as traducións á lingua galega. Antes da creación dun estándar, tanto nas traducións coma en moitos textos do galego escrito, dábanse numerosos casos de interferencia de transposición (tipo 1) e de hipercorrección (tipo 4). Agora, establecido un estándar, isto, é, un marco que define o *sistema* da lingua, estas

16. Se escollemos aquí un exemplo de léxico, facémolo sen esquecer que o que se traduce normalmente non son palabras illadas, senón textos.

17. Un problema considerable é, evidentemente, que só se pode indicala existencia de interferencia negativa dispoñendo dunha base de comparación dentro da mesma lingua. Pero mesmo no caso da Idade Media galega o conxunto de textos dispoñibles permite certas comparacións. Ademais, á parte da comparación con textos da mesma época, tamén se pode recorrer ó método de reconstrución a través de datos anteriores (latinos) e posteriores (do galego moderno).

18. Este principio, implicitamente vivente en calquera estudo histórico, foi elevado ó rango de principio básico da reconstrución lingüística polos Neogramáticos: "nur derjenige vergleichende Sprachforscher, welcher aus dem hypothesezentrierten dunkelkreis der werkstätte, in der man die indogermanischen grundformen schmeidet, einmal heraustritt in die klare luft der greifbaren wirklichkeit und gegenwart, um hier sich belehrung zu holen über das, was ihn die graue theorie nimmer erkennen lässt, und nur derjenige, welcher sich für immer lossagt von jener frühlein weit verbreiteten, aber auch jetzt noch anzutreffenden forschungsweise, nach der man die sprache nur auf dem papier betrachtet, alles in terminologischer, formelwesen und grammatischen schematismus aufgehen lässt und das wesen der erscheinungen immer schon ergründet zu haben glaubt, wenn man einen namen für die sache ausfindig gemacht hat - nur der kann zu einer richtigen vorstellung von der lebens- und umbildungsweise der sprachformen gelangen und diejenigen methodischen principien gewinnen, ohne welche man überhaupt bei sprachgeschichtlichen forschungen keine glaubwürdigen resultate erreichen kann und ohne welche im besonderen ein vordringen in die hinter der historischen sprachüberlieferung zurückliegenden zeiträume einer mesefahrt ohne compass gleichet." (Osthoff/Brugmann, 1878, IX-X). Tamén Labov, quen primeiro descubriu este principio e despois os Neogramáticos, fala da súa proximidade metodolóxica a esta idea (1994: 18). Sobre este principio na lingüística histórica en xeral véxase Romaine (1982, X).

interferencias aínda se dan, pero son excluíbles pola aplicación das regras existentes, aplicadas por normativizadores ou asesores lingüísticos ou polos escritores mesmos. Quedan os tipos 2 e 3; e non é esaxerado dicir que, para a maioría dos textos escritos en galego son (ou foron) determinantes. A tendencia 2 perbece a través dunha preferencia polas formas coincidentes coa lingua de orixe, na maioría dos casos do castelán. A tendencia 3 intenta reaxusta-la tendencia 2 a través dun diferencialismo, consciente ou inconsciente, respecto á lingua de orixe ou lingua de contacto, con técnicas como certos recursos morfolóxicos ou sintáticos, uso de léxico considerado como máis diferencial etc. As razóns son fáciles de determinar no presente: falta de tradicións de certos tipos de textos, escolarización en castelán, menosprezo da lingua propia etc.

Se pasamos agora a outras épocas da lingua e supoñemos polo menos a posibilidade dunha existencia dos mesmos fenómenos, ¿cales serían entón os factores, cales as interferencias que marcaban a actividade dos escribas?¹⁹ Evidentemente o caso é moito máis complicado de investigar, non só pola distancia histórica senón tamén pola maior semellanza entre as dúas linguas de contacto na época medieval²⁰. Pero factores como a "escolarización" en latín, a falta de certas tradicións na escrita galega, o alto prestixio do latín, o poder do castelán xunto coa vontade de escribir en galego - todos influirían na creación dos textos. Tendo en conta todos estes factores, ¿ata que punto os textos traducidos que coñecemos son testemuños da lingua galega? ¿Canto haberá neles de converxencia, diverxencia, transposición ou hipercorrección? ¿Quedará para sempre na escuridade da historia unha grande parte da resposta?

BIBLIOGRAFÍA

Coseriu, Eugenio. "Lo erróneo y lo acertado en la teoría de la traducción", en: *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodoloxía lingüística*. Gredos, Madrid, 1977a, pp. 214-239.

———. "Sprachliche Interferenz bei Hochgebildeten", en *Sprachliche Interferenz: Festschrift für Werner Betz* editado por H. Kolb e H. Lauffer, Tübingen, 1977b, pp. 77-100.

———. *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*. 3a ed. (1a ed. Montevideo 1957). Gredos, Madrid, 1978.

Instituto da Lingua Galega (ed.). *Galego 3*. 2a ed. Universidade de Santiago. Santiago de Compostela, 1976.

19. Lorenzo (1975, XXXV) indicou o posible parentesco dos fenómenos en épocas distintas, ó revés: "Un texto gallego, como la Crónica editada, nos está recordando a cada paso lo que sucede con la literatura actual, pues muchas de las peculiaridades que he descrito podemos encontrarlas aún en nuestros días".

20. Cf. Lorenzo 1987, 465 ss.

- Juhász, János. *Probleme der Interferenz*. Hueber, München, 1970.
- Lorenzo, Ramón. *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*, Vol. I. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Ourense, 1975.
- Lorenzo, Ramón. *Crónica Troiana. Introducción e texto*. Fundación P. Barrie de la Maza/Real Academia Galega, A Coruña, 1985.
- . "Algunhas consideracións sobre a *Historia do galego-português* de Clarinda Azevedo Maia", en *Verba* 14, 1987, pp. 441-488.
- Osthoff, Hermann e Brugmann Karl. *Morphologische Untersuchungen auf dem Gebiete der indogermanischen Sprachen*. S. Hirzel, Leipzig, 1878.
- Payrató, Lluís. *La interferència lingüística. Comentaris i exemples català - castellà*. Curial edicions catalanes, Monserrat, 1985.
- Romaine, Suzanne. *Socio-Historical Linguistics: Its Status and Methodology*. Cambridge University Press, Cambridge, 1982.
- Labov, William. *Principles of Linguistic Change*. Vol. I. *Internal Factors*. Blackwell, Oxford, 1994.
- Tesch, Gerd. *Linguale Interferenz. Theoretische, terminologische und methodische Grundfragen zu ihrer Erforschung*. Narr, Tübingen, 1978.
- Wandruszka, Mario. "Interferenz und Übersetzung", en *Sprachliche Interferenz: Festschrift für Werner Betz*. Editado por H. Kolb e H. Lauffer. Narr, Tübingen, pp. 101-118.
- Weinreich, Uriel. *Languages in Contact*. Publications of the Linguistic Circle of New York, New York, 1953.